

CM Atención a persoas en situación de dependencia

Ciclo formativo de grao medio

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.

En que ámbitos se traballa? No sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica.

Que ocupacións se desempeñan? Coidador/ora de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios, coidador/ora en centros de atención psiquiátrica, xerocultor/ora, gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións, auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade, auxiliar de axuda a domicilio, asistente de atención domiciliaria, traballador/ora familiar, auxiliar de educación especial, asistente persoal, teleoperador/ora de teleasistencia.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0215	Apoio domiciliario	240
1º	MP0213	Atención e apoio psicosocial	240
1º	MP0216	Atención sanitaria	213
1º	MP0212	Características e necesidades das persoas en situación de dependencia	160
1º	MP0218	Formación e orientación laboral	107
2º	MP0214	Apoio á comunicación	87
2º	MP0217	Atención hixiénica	87
2º	MP0211	Destrezas sociais	123
2º	MP0219	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0220	Formación en centros de traballo	410
2º	MP0210	Organización da atención ás persoas en situación de dependencia	123
2º	MP0020	Primeiros auxilios	53
2º	MP0831	Teleasistencia	104

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia, conforme as táboas seguintes.

Que título se obtén? Técnico en atención a persoas en situación de dependencia.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditan se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0210 Organización da atención ás persoas en situación de dependencia.	UC1016_2 Preparar e apoiar as intervencións de atención ás persoas e ao seu contorno no ámbito institucional indicadas polo equipo interdisciplinar.
MP0216 Atención sanitaria. MP0217 Atención hixiénica.	UC0249_2 Desenvolver intervencións de atención física domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria. UC1017_2 Desenvolver intervencións de atención física dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional. UC1018_2 Desenvolver intervencións de atención sociosanitaria dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional.
MP0213 Atención e apoio psicosocial. MP0214 Apoio á comunicación.	UC0250_2 Desenvolver intervencións de atención psicosocial domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria. UC1019_2 Desenvolver intervencións de atención psicosocial dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional.
MP0215 Apoio domiciliario.	UC0251_2 Desenvolver as actividades relacionadas coa xestión e o funcionamento da unidade convivencial.
MP0831 Teleasistencia.	UC1423_2 Atender e xestionar as chamadas entrantes do servizo de teleasistencia. UC1424_2 Emitir e xestionar as chamadas saíntes do servizo de teleasistencia. UC1425_2 Manexar as ferramentas, as técnicas e as habilidades para prestar o servizo de teleasistencia.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC1016_2 Preparar e apoiar as intervencións de atención ás persoas e ao seu contorno no ámbito institucional indicadas polo equipo interdisciplinar.	MP0210 Organización da atención ás persoas en situación de dependencia.
UC0249_2 Desenvolver intervencións de atención física domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria. UC1017_2 Desenvolver intervencións de atención física dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional. UC1018_2 Desenvolver intervencións de atención sociosanitaria dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional.	MP0216 Atención sanitaria. MP0217 Atención hixiénica.
UC0250_2 Desenvolver intervencións de atención psicossocial domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria. UC1019_2 Desenvolver intervencións de atención psicossocial dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional.	MP0213 Atención e apoio psicossocial. MP0214 Apoio á comunicación.
UC0251_2 Desenvolver as actividades relacionadas coa xestión e o funcionamento da unidade convivencial.	MP0215 Apoio domiciliario.
UC1423_2 Atender e xestionar as chamadas entrantes do servizo de teleasistencia. UC1424_2 Emitir e xestionar as chamadas saíntes do servizo de teleasistencia. UC1425_2 Manexar as ferramentas, as técnicas e as habilidades para prestar o servizo de teleasistencia.	MP0831 Teleasistencia.